PETO DE ÁNIMAS DE A VEIGA. Os petos de ánimas son monumentos populares asociados á idea do purgatorio. Neles ofrecíanse esmolas de todo tipo en favor das ánimas para que estas alcanzasen o ceo. Unha vez liberadas intercederían polos oferentes. É o único caso en Galicia de peto eucarístico pois o cáliz e a hostia son a única representación gráfica do retablo.

A ruta continúa e pasa polo Camiño de Inverno para desviarse pola Costa da Tella en dirección á Veiga. Pasamos polo peto de ánimas e baixamos cara o rego da Veiga que cruzaremos por unha pontella. Seguiremos ata a aldea de Carballeda entre rochedos. Queda claro que estamos en terra de canteiros. Logo continuaremos cara Alperiz. Pasaremos a carón dunha canteira e despois pola igrexa de Alperiz con elementos románicos.

Por un fermoso camiño chegaremos xusto diante da mámoa da cruz e visitaremos tamén a mámoa do cruce e o altar do sol. Despois continuamos pola estrada ata á igrexa de Parada.

O nome de Parada alude a un alto no Camiño Real antes da Ponte dos Cabalos ou despois de atravesala. Tamén fai referencia á "parata" ou imposto que debía pagarse para pasar pola ponte. A igrexa parroquial parece que tivo outro emprazamento distinto ao actual preto do Castro de Parada. Logo o roteiro baixa ata a Ponte dos Cabalos onde remata nun entorno especialmente fermoso. Pódese ir río arriba e visitar un muíño e as illas existentes no Arnego.